

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- Modelo de solicitude (dispoñible na sede electrónica do Concello e no departamento de servizos sociais). A solicitude deberá realizala o/a pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a por tratarse de menores de idade.
- Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes. (Anexo 4)
- Non estar incurso en ningún dos supostos que impiden obter a condición de beneficiarse de subvencións por parte das Administracións públicas, recollidos no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, que acreditará mediante declaración xurada, segundo modelo que se axunta. (Anexo 2)
- Fotocopia do DNI, pasaporte, NIE ou documento análogo (dos proxenitores e do/a beneficiario/a, se o ten)
- Certificado da secretaría do centro escolar referido ao/á alumno/a e o curso no que permanece matriculado/a no curso 2017-2018
- Copia da resolución da Consellería de Educación da contía recoñecida, no curso escolar 2017-2018, para libros de texto e material escolar.
- Factura do gasto realizado, debidamente cumprimentada con todos os datos do/a solicitante e do alumnado beneficiario da axuda. Deberá constar o detalle do material, libros adquiridos así como a descrición da roupa e material deportivo.
- Datos bancarios: Certificación bancaria do Código IBAN.
- Copia da Declaración do IRPF 2016
- Certificación expedida pola Axencia Tributaria de non estar obrigado/a a declarar. Presentar xustificantes de ingresos do exercicio 2016 de tódolos membros da familia (nóminas, certificado INEM, certificado pensión, etc) senón aparecen datos económicos na certificación.
- Título de Familia Numerosa, se é o caso.
- Certificado de discapacidade superior ao 33%, se é o caso.
- Acreditación da unidade familiar monoparental, se é o caso.
- Xustificante de gasto de alugueiro (anexo 3) / hipoteca da vivenda habitual, se é o caso, na que conste claramente os datos do titular.
- Certificado do INEM acreditando estar en situación de desemprego e a data de alta como demandante de emprego, se é o caso.
- Certificado do INEM acreditando ser beneficiario/a ou non dalgunha prestación económica e data de inicio, se é o caso.
- Certificado da secretaría do centro de ensino ou copia da matrícula no caso de que haxa algún membro na unidade familiar menor de 25 anos cursando estudos postobrigatorios ou universitarios.